





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en comisión nº 819, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"a utilización da lingua galega polas entidades bancarias e financeiras nas súas relacións cos clientes galegos"**, (publicada no BOPG nº 20, do 20 de maio de 2009), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2009 (BOPG nº 46, do 7 de xullo de 2009), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A Secretaría Xeral de Política Lingüística anima a todas as entidades privadas a que ofrezan os seus servizos en lingua galega, para o que se lles facilitan as ferramentas e o asesoramento preciso para que poidan atender aos seus clientes na lingua cooficial da súa elección.

O devandito departamento xa se puxo en contacto coa entidade bancaria co fin de ter coñecemento da situación lingüística da empresa, que non conta con delegación en Galicia. Estamos a explorar as posibilidades de colaboración co obxectivo de que oferten os seus servizos en lingua galega para os usuarios/as e clientes que así o desexen.

É obxectivo da Secretaría Xeral iniciar en breve novas actuacións dirixidas ao ámbito das empresas, entre elas, as que ofrecen servizos bancarios, para renovar as vías de colaboración e de realización de actividades que permitan mellorar a formación lingüística dos seus cadros de persoal e ampliar a dispoñibilidade de recursos e servizos en lingua galega.



A Secretaría Xeral de Política Lingüística dispón de datos sobre a situación do uso do galego no ámbito da banca, de acceso público a través da web do Observatorio da lingua galega, que ofrece informes de uso por sectores. Deses datos, extráese a conclusión dun traballo de promoción no uso externo do galego nesas empresas, xa que no ámbito interno o galego ten unha maior representatividade. Cómpre destacarmos que nos últimos anos entidades como Caixa Galicia e Caixanova impulsaron de xeito claro, e cun impacto positivo para a súa actividade, o uso da lingua galega.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2009

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia